



Na soleira do Deus da vida

Manuel Regal Ledo, SETP, Vigo 2020, 280 pp.



Podemos ver na portada a foto dunha porta e a soleira na que pousa. Porta aldeá do barrio dos Muíños, en Mondoñedo. Soleira firme. Postigo aberto. Invita a asomarse. Presenza e misterio. O letreiro é claro: Deus da Vida. Todo un símbolo. Igrexas pechadas en todo o mundo. Aquí, na aldea, unha porta entreaberta. A portada é un resumo perfecto do contido.

Regal escribiu este libro para facilitarnos a clave coa que entrar e escudriñar os segredos das nosas contas. A conta que queremos abrir aquí é a «presenza de Deus na nosa vidiña». Ofrécenos: algo que nos permite asomarnos, non máis, á realidade, ao misterio de Deus que levamos dentro, que sentimos dentro; que cremos, pero ante o cal somos uns grandes descoñecedores. Ao máis, podémonos poñer na soleira de Deus, aso-

marnos a el, ou mesmo ás veces escoitar o rebumbio interior da súa morada. Hai que pórse na soleira e chamar. Non queremos perder a experiencia do encontro. Que non se peche o postigo. Descubrir a súa presenza no Tabor ou no Xordán é doado; sentila nos mil acontecementos e minucias non o é tanto. Menos aínda nestes tempos de segura espiritual. Deus parece ausente, fóra de xogo; e nós, co ruxerruxe nas mans, no peto e nos miolos, temos enferruxado o sentido da fe por non usalo. Regal ofrécenos en oración o que el vive e sente. Aquí non hai un iluminado. Si un crente que sabía e humildemente nos axuda a iluminar a vida. Ofrécenos os seus recursos para que nos realicemos con novas dimensións. Fala do que vive e sente. Non se trata dun libro de literatura barata, escrito